

## **Anuncio convocatoria 30ª Edición da Feira do Galo de Nadal 2022**

O Concello de Arteixo anuncia a convocatoria da 30ª edición da FEIRA DO GALO DE NADAL 2022, de conformidade coas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 3 de novembro de 2022, que se publican a continuación e que permanecerán expostas ao público durante o prazo de presentación de solicitudes:

### ***BASES 30ª Edición Feira do Galo de Nadal 2022***

- 1. O Concello de Arteixo, a través súa Concellería de Promoción Económica convoca a “30ª Edición Feira do Galo de Nadal 2022”.*
- 2. Poderán participar neste concurso todas as persoas físicas que presenten ao concurso galos vivos de curral ou cestas con galos de curral preparados.*
- 3. Para inscribirse no concurso, deberán entregar entre as 8:00 h e as 11:00 h do día 17-12-2022, aos responsables municipais da Feira unha **solicitud de inscrición**, segundo o modelo creado a tal efecto e que se transcribe deseguido:*

### **SOLICITUDE DE INSCRICION NO 30ª EDICIÓN FEIRA DO GALO DE NADAL 2022**

*Número:*

*Nome do Criador:*

*DNI:*

*Teléfono:*

*Peso:*

*Procedencia*

*Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo (A Coruña)*

*En virtude do Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos que voluntariamente faciliten os concursantes serán utilizados exclusivamente para este fin. Os datos non serán comunicados a terceiros. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos, e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ao Concello de Arteixo, Praza Alcalde Ramón Dopico, nº 1, Arteixo.*

- 4. Os galos vivos e as cestas con galos preparados serán examinadas polo xurado o día 17-12-2022, entre as 11:00 e as 12:00 horas.*
- 5. O xurado estará composto por:*
  - a. Tres expertos criadores de galos.*
  - b. O responsable municipal da Feira ou, no seu defecto, a persoa na que delegue, que actuará como secretario do xurado.*

6. Establécense dúas categorías de premios dotados coas seguintes contías:
- *Categoría de Galo Vivo:*
    - 1º Mellor galo vivo – 300,00 euros (trescentos euros)
    - 2º Mellor galo vivo – 200,00 euros (douscentos euros)
    - 3º Mellor galo vivo – 150,00 euros (cento cincuenta euros)
    - 4º Mellor galo vivo – 100,00 euros (cen euros)
  - *Categoría de Cesta de Galo Preparado:*
    - 1º Cesta mellor presentada -200,00 euros (douscentos euros)
    - 2º Cesta mellor presentada -150,00 euros (cento cincuenta euros)
    - 3º Cesta mellor presentada -100,00 euros (cen euros)
    - 4º Cesta mellor presentada – 50,00 euros (cincuenta euros)
- a. Os ditos premios estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante pago en metálico, por parte dos responsables da Feira Municipal.
- b. Non poderán obter a condición de premiados as persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias que permitan cualificalos como beneficiarios segundo o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.
7. O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos, se o estimase oportuno.
8. A adxudicación dos premios farase en función tendo en conta os seguintes criterios:
- *Ser de curral*
  - *Alimentado con millo*
  - *Criado en liberdade*
  - *Tempo ideal de crianza dun ano ou ano e medio*
  - *Plumaxe louro ou moreno*
  - *Crista grande*
  - *Patas dereitas e amarelas*
9. O resultado do Concurso, quedará reflectido na acta correspondente, e darase a coñecer as 13:00 do día 17-12-2022.
10. O feito de participar neste concurso presupón a aceptación de estas bases.”